

VER AS CORRECIÓNS E CUALIFICACIÓN DUNHA TAREFA NA AULA VIRTUAL

VER AS CORRECIÓNS E A CUALIFICACIÓN DUNHA TAREFA

Os pasos que tes que seguir para ver as correccións que fixo a profe na túa tarefa e ver a túa cualificación son os mesmos para as tarefas de realización en liña como para as tarefas de envío de ficheiros.

1. Entra na Aula Virtual do cole como usuario identificado empregando o teu nome de usuario e o teu contrasinal. Se non te lembras como se fai, consulta o manual "Como acceder á Aula Virtual como usuario identificado".
2. Vai ao o curso onde se atopa a tarefa da que queiras ver as correccións que fixo a profe e a túa cualificación.



Envía a túa portada para a revista escolar

No exemplo a tarefa é "Enviar a portada do noticieiro"

3. Pica sobre o nome da tarefa da que queres ver as correccións e a cualificación.

Tras facelo e amosarase a información sobre a tarefa en dous apartados.

No primeiro "Estado da entrega" amósase a información sobre a situación da tarefa.

ENVIAR A PORTADA DO NOTICIEIRO

Envía a túa portada para a revista escolar

Estado da entrega



Estado da entrega	Entregado para cualificacións
Estado das cualificacións	Cualificado
Última modificación	Luns, 14 de Setembro do 2020, 20:45
Entregas de ficheiros	 Portada5.png
Comentarios a entrega	► Comentarios (0)

No segundo "Comentarios" amósase información sobre a cualificación en varios subapartados en:

- "Cualificación" móstrase a túa nota na tarefa separada por "/" da máxima nota coa que se pode cualificar a tarefa.
- "Comentarios" móstranse os comentarios que a profe fixo en relación a túa tarefa.
- "Ficheiros de comentarios" , se a profe mandou á Aula Virtual un ficheiro coa túa tarefa corrixida amosarase neste apartado o enlace para acceder ao mesmo.

VER AS CORRECIÓNS E CUALIFICACIÓN DUNHA TAREFA NA AULA VIRTUAL


Comentarios

Cualificación	8,00 / 10,00
Cualificado o	Luns, 14 de Setembro do 2020, 20:58
Cualificado por	 Loreto Brea González (Admin)
Comentarios	A túa portada está moi ben
Ficheiros de comentarios	 PORTADA CORRIXIDA.pdf

4. Pica sobre o nome do ficheiro de comentarios. Neste exemplo "Portada corrixida".

Móstrase un cadro de diálogo no que tes que marcar "Abrir con" e picar no botón "Aceptar".

O ficheiro coa tarefa corrixida abrírase nunha nova xanela.



VER AS CORRECIÓNS E CUALIFICACIÓN DUNHA TAREFA NA AULA VIRTUAL

VER AS CORRECIÓNS DUNHA TAREFA EN PDF

No caso de que a tarefa consistise en enviar un ficheiro en formato PDF, podes ver as correccións feitas pola profe directamente no PDF.


Os pasos a seguir son os mesmos que se indicaron anteriormente.


Verás que na parte inferior do apartado "Comentarios" hai un subapartado chamado "Facer anotacións en PDF", debes picar sobre "Ver PDF con anotacións".

Comentarios

Cualificación	8,00 / 10,00
Cualificado o	Luns, 14 de Setembro do 2020, 21:06
Cualificado por	 Loreto Brea González (Admin)
Comentarios	A túa portada está moi ben
Facer anotacións en PDF	 ALUMNO 1_853_0.pdf Ver PDF con anotacións...
Ficheiros de comentarios	 PORTADA CORRIXIDA.pdf

Tras facelo abrírase no visor de Facer anotacións en PDF a túa tarefa coas correccións feitas pola profe.



Se no documento amósase  debes situarte sobre o mesmo para ver as anotacións que fixo a profe.

Se picas sobre o nome do ficheiro (o teu nome varios números.pdf) abrírase o ficheiro tal e como o mandaches, sen as correccións da profe.